



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 17 de outubro de 2019.
2. Interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se, transcorrido o primeiro curso académico tras a asignación de titor e proposta temática, o estudante desexa cambiar só de tema e non de titor no segundo curso no que se mantén a asignación, non debe presentar unha nova listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1 senón unicamente a nova proposta temática no prazo establecido no art. 4.1.

Se o alumno presenta a listaxe priorizada de titores no prazo fixado no art. 3.8.1, entenderase que se somete ao procedemento previsto no devandito artigo xunto co resto do alumnado matriculado na materia, aínda que na listaxe priorizada de titores figure en primeiro lugar o titor asignado o curso anterior.

3. Aprobar a listaxe provisional de asignación de titoras/es para a realización do Traballo de Fin de Grao en Dereito do curso académico 2019-2020.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 21 de novembro de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de novembro de 2019.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.